

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE ABRIL DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/231/2017.- LAG ESTEBAN PARRA, S.L.- Conceder licenza de obras para construción dunha estación de servizo de combustible con soto para almacén, dúas pontes de lavado de vehículos e edificio destinado a cafetería e restaurante cunha tenda de conveniencia en rúa País Váscos (do), 65.

LIC/648/2017.- LORENZO RODRÍGUEZ TENA.- Autorizar o cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Sar nº 4.

LIC/1562/2017.- BEATRIZ REGUEIRO NOYA.- Conceder licenza para adecuación de baixo-cuberta destinado a ampliación de vivenda na rúa García Prieto nº 15 – 3º A.

PARCELACIONES.-

LIC/769/2017.- JOSÉ IGLESIAS PAZOS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de parcelamento dunha parcela sita na rúa Costa do Veedor nº 34 -36.

LIC/892/2017.- FARMACIA VILLANUEVA, S. L.- Denegar a solicitude de licenza de parcelamento da parcela matriz sita na Avda. de Rosalía de Castro nº 122.

LIC/262/2018.- CARMEN SANGIAO SUÁREZ.- Denegar a licenza de segregación de dúas parcelas rústicas en catro con superficie inferior á unidade mínima de cultivo en A Peregrina –Finca Longas.

LIC/17/2015.- FRANCISCO MARTÍNEZ CARBALLIDO E MARTÍN OTERO CARBALLIDO.- Aceptar o desestamento da solicitude de segregación de finca, aceptar a renuncia aos dereitos outorgados pola licenza de segregación modificada e aceptar a cesión gratuíta ao concello da parcela situada fóra das aliñacións do planeamento destinada a viario.

RECTIFICACIÓN DE ACORDOS.-

LIC/400/2016.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Rectificar os acordos da Xunta de Goberno local de datas 13 de maio de 2016 e do 17 de novembro de 2017 no referente ó importe das taxas que faltan por liquidar correspondentes aos dous proxectos promovidos polo Consorcio de Santiago.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para construción dunha estación de servizo de combustible con soto para almacén, dúas pontes de lavado de vehículos e edificio destinado a cafetería e restaurante cunha tenda de conveniencia en rúa País Vasco (do), 65. **LAP/231/2017.** Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á autorización do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Sar nº 4. **LIC/648/2017.** Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza para adecuación de baixo-cuberta destinado a ampliación de vivenda na rúa García Prieto nº 15 - 3º A. LIC/1562/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, e concesión de licenza de parcelamento dunha parcela sita na rúa Costa do Veedor nº 34 -36. LIC/769/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á denegación da solicitude de licenza de parcelamento da parcela matriz sita na Avda. de Rosalía de Castro nº 122. LIC/892/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á denegación da licenza de segregación de dúas parcelas rústicas en catro con superficie inferior á unidade mínima de cultivo en A Peregrina -Finca Longas. LIC/262/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aceptación do desestimento da solicitude de segregación de finca, aceptación da renuncia aos dereitos outorgados pola licenza de segregación modificada e aceptación da cesión gratuíta ao concello da parcela situada fóra das aliñacións do planeamento destinada a viario. LIC/17/2015. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á rectificación dos acordos da Xunta de Goberno local de datas 13 de maio de 2016 e do 17 de novembro de 2017, no referente ao importe das taxas que faltan por liquidar correspondentes aos dous proxectos promovidos polo Consorcio de Santiago. LIC/400/2016. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á ampliación de horario de peche nocturno de locais para determinadas datas. Infórmase favorablemente, por parte do Concello, da ampliación nunha hora do horario de peche do que dispoñen na actualidade os establecementos de hostalería nas noites que van do 7 ao 14 de maio (Festas da Ascensión), e nas noites que van do 28 ao 31 de xuño (Festival "O Son do Camiño")

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de inicio de avaliación ambiental da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago (PE-1) para a ampliación de usos no EM-9. Seminario Menor. Belvís. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade dando conta da sentenza 3/2018 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº.2 no P.O.613/2016, e abono de cantidade á empresa "TRALUSA", correspondente á liquidación do transporte urbano do ano 2014. Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga por importe de 173.118,96 euros á empresa Autobuses Urbanos de Lugo S.A e Trapsa UTE, concesionaria da prestación do servizo de transporte urbano en cumprimento de sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo Nº2 de Santiago, que estima parcialmente o recurso interposto por dita empresa contra a desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno do 26.06.15 polo que se aprobou provisionalmente a liquidación do servizo de transporte urbano correspondente ao ano 2014.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación do proxecto do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

da vida laboral, familiar e persoal da ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer María Miramontes. Apróbase o proxecto do programa piloto para a posta en funcionamento do centro educativo e de lecer María Miramontes.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación das actividades regulares e de continuidade da rede de Centros Cívicos de abril a xullo de 2018. Apróbase a programación e os prezos públicos das actividades dos Centros Cívicos de abril a xullo. O gasto ascende a 106.544,34 e prevense uns ingresos de 15.285 euros.

2.-Proposta da concelleira de Mocidade, Deportes e Benestar Animal para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o club Santiago Futsal para o ano 2018. Dáse conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 65.000 euros.

3.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do programa “Compostela Móvese 2018”. Apróbase o programa de actividades “Compostela Móvese 2018” e o gasto correspondente, por importe de 80.000 euros.

4.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do programa “Compostela Móvese con S de Social 2018”. Apróbase o programa de actividades “Compostela Móvese con S de Social 2018” e o gasto correspondente, por importe de 80.000 euros.

5.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 3 da rúa de Galeras, número 28-baixo,, destinado a oficinas municipais de catastro e censos. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de maio de 2018 ata o 30 de abril de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 824,33 euros, IVE incluído.

6.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de organización da celebración da Festa dos Maiores 2018. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, O prezo máximo previsto para cada xantar ascenderá a 22,08 euros, IVE incluído. As empresas licitadoras realizarán ofertas á baixa sobre este prezo unitario. O gasto máximo para o contrato ascende á cantidade de 37.536 euros, IVE incluído.

7.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato de prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais. Acórdase a adxudicación do contrato á empresa LACERA, por un importe de 666.455,32 euros/ano, ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Como mellora social, compromete un incremento do 1% sobre o salario total de todos e cada un dos traballadores e traballadoras vinculados ao contrato. Ademais, compromete 400 horas adicionais de servizo de conserxería e 240 de servizo de limpeza, 60 horas de utilización dunha furgoneta e 25 dun camión e a implantación en dous meses dun sistema informático de seguimento e control do servizo.